



**CONCELLO  
DE VIGO**



**I TROFEO de SQUASH XELA ARIAS**  
**Puntuable Ránking Galego Valoración C**  
Cíes Squash (Vigo), 27 de novembro de 2021  
Categorías Absolutas Masculina e Feminina

**VIGO,  
terreo de xogo**

**BASES:**

1º.- O Campionato disputarase nas instalacións municipais do Estadio Municipal de Balaidos (entrada porta 18), Vigo; O día **27 de novembro de 2021**. Seguiranse protocolos estrictos de prevención da Covid 19, así como a realización de tests de antíxenos a tódolos xogadores, que **NON TEÑAN PRESENTADA A FEDERACIÓN O CERTIFICADO DE VACUNACIÓN E SEXAN MAIORES DE 12 ANOS**, 30 minutos antes da súa entrada. Enviarse toda a información por email ós clubs que a farán chegar ós seus xogadores inscritos.

2º.- Para inscribirse no torneo **é obrigatorio estar en posesión da Licenza Federativa da F.G.S. 2021.**

3º.- As inscricións faranse a través de Rankendin:  
<https://rankedin.com/en/tournament/6731/trofeo-squash-xela-arias>

O peche da inscrición será o **luns, 22 de novembro de 2021 ás 20 horas.** O **precio da inscrición será de: 15 €.**

4º.- O martes, publicarase o listado provisional de inscritos/as e o mércores publicarase os listados de inscritos definitivos e cadros profesionais.

5º.- **O pago realizarase en efectivo antes de dar comezo o primer partido.** A tódolos participantes faráselle entrega dun detalle.

6º.- Os xogadores están obrigados a coñecer o seu horario de xogo, no caso, da súa incomparecencia, 15 minutos despois do horario do seu partido, serán dados W.O. Mantendranse os horarios dunha maneira estricita.

7º.- Os depostistas deberán estar dispostos a arbitrar cando o Xuíz Árbitro así o considere oportuno, tendo por obriga que arbitrar os que perdan os partidos anteriores.

8º.- O torneo xogarase coa bola oficial da Federación Galega de Squash, **Dunlop Dobre punto.**



9º- Os partidos xogaranse ó millor de cinco xogos de 11 puntos e xogaranse tódolos postos. Poderase modificar (xogar a 3 xogos) si houberse un gran número de inscritis ou por motivos de tempo.

10º.- O uso das gafas protectoras homologadas de Squash será obrigatorio para as xogadoras das categorías Sub.

11º.- O Xuíz- Árbitro do torneo será: **D. VÍCTOR M. REGUERA AMOEDO** e as súas decisións serán inapelables.

12º.- O torneo é valedeiro para o Ránkinmg Autonómico Galego, Valoración C.

13º.- Entregaranse trofeos ós tres primeiros clasificados en cada categoría, e o Campión de Consolación.

**\*\*\*\* A inscrición ao presente Campionato leva implícita a cesión dos dereitos de imaxe para todo o relacionado con este evento deportivo.**

*Todos os eventos do Calendario da Federación Galega de Squash son considerados públicos e polo tanto os datos dos deportistas/ participantes son notorios, de proxección pública, moi especialmente cando se obteña podio ou recoñecemento deportivo e social, e polo tanto son datos onde predomina o interese histórico e deportivo da FGS, celebrado en lugares abertos ao público. Así será de aplicación o artigo da Ley Orgánica 1/1982, de 5 de maio, e o uso das imaxes queda públicamente aceptado e autorizado, reseitando o dereito fundamental ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.*

**No caso de non desexar ou outorgar o seu consentimento para o tratamento dos datos anteriormente citados, o deportista non poderá participar no evento deportivo DE NINGÚN MODO mesmo aínda que teña realizada e formalizada a súa inscrición.** Aínda así, no caso de que esté no lugar do evento aberto ao público, mesmo sen participar, e a súa imaxe fose captada de forma accidental, será de aplicación o **artigo 8-c** da Lei Orgánica 1/1982 como imaxe simplemente accesoria e poderá ser reproducida sen o seu consentimento, segundo o citado artigo legal.

